



**Nós andadura
X.L. Méndez Ferrín**

Faro de Vigo Edición Dixital. 8 outubro 2007

Por aquel tempo había en Ourense dúas feiras ao mes e a cidade enchíase de xentes campesiñas, algunhas das cales comparecían sobre cabalos e bestas mormente de pelaxe castaña ou negra ou sexa da raza galega que hoxe se encontra normalizada como PRG. Tamén, ás veces, viamos mulas montadas por cregos de sotana refucida e pantalón a raias. O uso da "caballería", como se dicía na forma enxebre castellana, era propio de xente mais ou menos rica. Deixábanse estas "caballerías" atadas nos chopos do campo dos Remedios ou nas proximidades do do Vienteún. Tamén os propietarios das bestas, de paso que lles miraban os cascós, deixaban estas no Outeiro e no establecemento do que era titular o veterinario Cesáreo Parada Pumar e mestre ferrador o señor Villaverde, que viñera de Pontevedra. Aqueles cabalos e mulas estaban case todos ataviados con albarda de montar co seu cobertor, ramal único con serreta e estrebeiras de coiro e madeira. Eran raras as selas inglesas (vendíanse na de Llamas, na Rúa do Progreso) e absolutamente inexistentes as casteláns ou españolas. Cada cabaleiro levaba na man un caxato e calzaba unha soa espora. Ningún ía descuberto e todos gastaban pucha pequena ou chapeo. Nunca na miña infancia en Ourense vin unha muller montada dacabalo, descontando no Circo Feijóo. Isto de que lles falo é finais da II Guerra Mundial. Se un vagaba polos camiños que levan a Ourense en días de feira podía ver pasar un mundo de xente a pé con porcos atados por unha pata, galiñas, queipos (sempre na cabeza das mulleres) con rianxo e outras mercadorías, vacas e becerros. Tamén pasaban cabaleiros senlleiros.

Non era raro ver estes xenetes a toda velocidade, digamos que aproveitando as beiras areosas que tiñan as poucas estradas de piche da época, coma a de Celanova. Recordarei sempre os cabaleiros aldeáns cos pés moi dianteiros e ergueitos sobre a albarda troupeleando os cascós de forma sumamente harmónica e peculiar. Deles dicíase que "marchaban" ou que ían "á andadura". Explicábannos aos nenos que aquel era un ar adquirido mediante doma consistente en facerlle mover ao cabalo unha man e unha pata de cada banda ao mesmo tempo.

Despois a andadura ou marcha, parece que case se perdeu. Foi cando Joaquín González Troncoso decidiu que, con vontade, había que recuperar este elemento do noso patrimonio cultural tradicional e puxo en escena polas feiras de Galicia o Campionato Galego de Andadura, o que supuxo unha resurrección e un renacemento. Visto que a andadura é un ar que antano aprendían os cabalos de toda Europa e de Asia que, co tempo, deixou de se lle ensinar ao gado, parece que o seu principal fogar de resistencia foi deica hoxe Islandia, onde á chamado töll coma noutras áreas xermánicas, e en Galicia e N. de Portugal. Como volveremos sobre este tema, anunciemos a penas que Joaquín G. Troncoso acaba de publicar o único libro coñecido sobre a teoría e práctica da andadura "amblure", ou marcha, nas súas variantes e relacións co "paso travado" norportugués, co "paso fino" americano e co töll xermánico. Titúlase Nós, andadura, é exhaustivo e foi editado co carimbo da Federación Hípica.